

## NOTIFICACIÓN

A concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística aprobou no día de hoxe, o seguinte acordo:

“O Concello de Ferrol a través da concellería de Muller e Igualdade ven desenvolvendo diferentes actuacións para a prevención, sensibilización e formación en materia de xénero e igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e fomento e protección da conciliación da vida familiar e laboral.

Nese contexto lévanse a cabo os campamentos infantís (urbanos e rurais) do Concello de Ferrol, durante os períodos correspondentes ás vacacións escolares (verán, nadal e semana santa). Actualmente campamentos "Peque-educa en igualdade".

Por este motivo, mediante Decreto de data 5/03/2020, aprobouse a realización dos campamentos Peque-Educa en Igualdade Semana Santa 2020, proxectados para o días 6,7,e 8 de abril, así como o inicio do seu prazo de inscrición (do 10 ao 16 de marzo, ambos incluídos).

Debido á situación de emerxencia sanitaria motivada polo COVID-19, da que entre outras consecuencias se derivan medidas de contención, como o peche das instalacións municipais abertas ao público ( decreto de alcaldía do 13/03/2020) e confinamento da poboación nas súas vivendas, resulta a imposibilidade de realizar os ditos campamentos durante o período de Semana Santa 2020.“

Comunicollo a Vde. para o seu coñecemento e efectos, facéndolle saber que a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa (BOE 14.07.1998).

Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Casa do Concello,

O/A secretario/a xeral